

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE MAIO DE 2020

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trece de maio de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Councilbox, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Faise constar, igualmente, que das persoas relacionadas anteriormente, asistiron á sesión con carácter presencial, no despacho da Alcaldía municipal, don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona Mónica Varela Germade e dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 29 de abril de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 6 de maio de 2020, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se acorda a continuación de determinados procedementos relativos á concesión de subvencións indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos públicos no ámbito desta consellería durante a vixencia do estado de alarma. (Diario Oficial de Galicia número 90, do 11 de maio de 2020).

3º. Expediente de contratación

3.1. Proposta de prórroga do contrato para a prestación do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das gabias de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre. Expediente núm. 2019/C004/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que no expediente nº 2019/C004/000008, a Xunta de Goberno Local en funcións, na súa sesión extraordinaria e urxente do día seis de xuño de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade “Jardincelas, S.L.”, o “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre”, asinándose o correspondente contrato o día 14 de xuño de 2019.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, este ten un prazo previsto de execución durante a anualidade 2019, podendo prorrogarse á anualidade 2020, logo do acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo de tres meses a partir da data na que se efectúe o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente tódolos traballos correspondentes ao ano 2019, sendo o prazo real de execución efectiva dos traballos en cada anualidade de 33 días hábiles (45 días naturais), sen prexuízo de que o adxudicatario propuxo melloras, polo que o segundo corte se realiza no prazo establecido no art. 4 do PPT, tal e como consta na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas, e epígrafe 6 do anexo I do cadro de características do contrato.

Visto o informe de boa execución do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre correspondente á anualidade 2019 emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal-responsable do contrato, de data 22/04/2020 .

Vista a proposta de prórroga formulada con data 29 de abril de 2020 polo citado enxeñeiro técnico industrial municipal, no que consta que a empresa Jardincelas S.L., estivo realizado a satisfacción do concello o servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas no Concello de Cambre na anualidade 2019, polo que non existe ningún inconveniente en acceder á prórroga de dito servizo de conformidade con establecido na cláusula 9 e epígrafe 6 do cadro de Características do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato formalizado o día o 14 de xuño de 2019.

Tendo en conta que, en virtude do establecido na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medias de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19, acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación que se establecera pola disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que pode continuarse coa tramitación dos procedementos, a condición de que a súa tramitación se realizase por medios electrónicos, como é o caso do presente expediente.

Visto o informe emitido con data do 8 de maio actual pola técnica de xestión de administración xeral coa conformidade da Secretaria xeral da Corporación, que contén a proposta de acordos a adoptar

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a prórroga á anualidade 2020 e nos seus mesmos termos, do contrato suscrito coa entidade “Jardincelas, S.L.”, con NIF B-1553....., e domicilio no Lugar de Peiro de Arriba 16 - 15189 Culleredo (A Coruña), para a prestación do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre”.(Expediente 2019/C004/000008)

Segundo: Notificar este acordo á empresa *Jardincelas S.L.*, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notifíquese ao enxeñeiro técnico industrial municipal, e máis ao departamento de Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000007, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente aos servizos de coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 3 de marzo de 2020 elaborouse pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal unha memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento para contratar o servizo de coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 7.394,00 euros e un orzamento base de licitación de 8.946,74 euros .

Con data do 6 de marzo de 2020, elaborouse pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o informe técnico relativo á proposta para iniciar o expediente de contratación, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución e réxime de penalizacións do contrato para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 7.394,00 euros e un orzamento base de licitación de 8.946,74 euros .

Nesa mesma data do 6 de marzo de 2020, asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo.

Consta Informe de Intervención asinado o 29/01/2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 1532.61900; 454.61900; 1532.60900; 933.62200 e 342.62200.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 10 de marzo actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 1 de abril de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, complementado por informe de data 7 de maio de 2020 referido á adaptación dos pregos de cláusulas administrativas particulares á nova redacción do art. 159.4) LCSP efectuada pola disposición final terceira do *Real Decreto-lei 16/2020, do 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte ao COVID-19 no ámbito da Administración de Xustiza*, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do *Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19*, na que se acorda o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación que se establecera pola disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, **e se permite que se inicie a tramitación de novos procedementos de contratación, a condición de que a súa tramitación se realice por medios electrónicos**, propoño á Xunta de Goberno Local á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias municipais en materia de infraestrutura viaria e equipamentos da súa titularidade, contratando un servizo de coordinación de seguridade e saúde durante a execución dunhas obras municipais que perseguen a mellora tanto da infraestrutura como dos equipamentos de titularidade municipal (art. 25.2.d) Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000007, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente aos servizos de coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas do Concello de Cambre, cun valor estimado total de 7.394,00 euros e un orzamento base de licitación de 8.946,74 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias 1532.61900; 454.61900; 1532.60900; 933.62200 e 342.62200, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios, de se-lo caso.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O enxeñeiro de camiños municipal – xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3. Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000009, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente aos servizos de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 16 de abril de 2020, elaborouse pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o informe técnico relativo á proposta para iniciar expediente de contratación, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución e réxime de penalizacións do contrato para a contratación do servizo de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 20.556,32 euros e un orzamento base de licitación de 22.611,95 euros .

Coa mesma data do 16 de abril de 2020, asíñase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo, e maila memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento.

Consta Informe de Intervención asinado o 09/03/2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e

contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 1532.60900; 454.61900 e 333.62200 .

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 11 de marzo actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 7 de maio de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta que, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do *Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19*, na que se acorda o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación que se establecera pola disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, **e se permite que se inicie a tramitación de novos procedementos de contratación, a condición de que a súa tramitación se realice por medios electrónicos**, propoño á Xunta de Goberno Local á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias municipais en materia de infraestrutura viaria e equipamentos da súa titularidade, contratando un servizo de control de calidade necesario durante a execución dunhas obras municipais que perseguen a mellora tanto da infraestrutura como dos equipamentos de titularidade municipal (art. 25.2.d) Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000009, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente aos servizos de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre, cun valor estimado de 20.556,32 euros e un orzamento base de licitación total de 22.611,95 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias 1532.60900; 454.61900 e 333.62200, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios, de se-lo caso.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O enxeñeiro de camiños municipal – xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño, e como suplente, o enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.4. Designación de representantes do Concello de Cambre para a comisión de seguimento das obras de "Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase I", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das ditas obras (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro)

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 8 de maio de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C003/000011 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado mediante aplicación de fórmulas, da obra de "Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase I", obra financiada por medio de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das ditas obras (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro).

Visto que, con data 29/04/2020 a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, acordou adxudicar as ditas obras á empresa "Jardinería Arce, S.L.", no prezo ofertado de 28.169,63 euros sen IVE (34.085,25 euros IVE incluído).

Visto que a cláusula XIV paragrafo segundo do convenio de cooperación asinado para o cofinanciamento das ditas obras (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro) establece que “*para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das dúas institucións nomeados polo Presidente da deputación e polo Concello respectivamente*”.

Tendo en conta que , en virtude do establecido na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-Lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medias de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19, acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación que se establecera pola disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que pode continuarse coa tramitación dos procedementos, a condición de que a súa tramitación se realizase por medios electrónicos, como é o caso do presente expediente.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, proponho a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade coa cláusula XIV do convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de “Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase I” (convenio nº 72/2019 do 9 de outubro), désígnanse por parte do Concello de Cambre ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, e á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, para que integren, xunto cos técnicos que designe a Deputación Provincial da Coruña, a comisión de seguemento establecida na antedita cláusula.

Segundo: Notifíquese ao arquitecto municipal e á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, e déase traslado á Deputación Provincial da Coruña, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos concelleiros delegados de área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 27 de abril ato día 8 de maio do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 561/2020 e remata coa resolución de Alcaldía número 606/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
561/2020	27-04-2020	Aprobación do padrón da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos apegados aos edificios e con acceso directo desde a vía pública, correspondente ao ano 2020
562/2020	27-04-2020	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2020
563/2020	27-04-2020	Aprobación do padrón da taxa de auga e rede de sumidoiros, da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga do primeiro trimestre de 2020
564/2020	27-04-2020	Resolución de pagamento da nómina de abril de 2020 por un importe bruto de

		352.696,43 euros
565/2020	27-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a L.C.C. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
566/2020	27-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a J.F.P.R. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
567/2020	27-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a L.E.Y.G. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
568/2020	27-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a J.R.M.R. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
569/2020	28-04-2020	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de marzo de 2020, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de abril de 2020.
570/2020	28-04-2020	Aprobación uso plataforma Councilbox e deixamento sen efecto da Resolución de Alcaldía núm. 448/2020, do 24 de marzo, de avocación de competencias da Xunta de Goberno Local
571/2020	28-04-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 46.004,04 euros
572/2020	28-04-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 55.843,31 euros
573/2020	28-04-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 29.04.2020
574/2020	29-04-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 30.04.2020
575/2020	29-04-2020	Concesión de licenza municipal a R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A., para o traslado dun nodo de telecomunicacións, incluído dentro dunha cabina telefónica sita na rúa Ánxel Fole, á esquina da rúa Tapia coa rúa Ánxel Fole
576/2020	29-04-2020	Reposición da legalidade urbanística por realización de obras de vertido de augas pluviais á calzada sen licenza ou comunicación previa en terreo sito en Sigrás. Propiedade: J.F.R.
577/2020	30-04-2020	Medidas de flexibilización fiscal aos contribuíntes do Concello de Cambre co obxecto de paliar as consecuencias económicas provocadas pola pandemia do COVID-19
578/2020	30-04-2020	Aprobar o gasto e a adquisición de materiais de impresión para diferentes proxectos do departamento de Servizos Sociais.
579/2020	30-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a A.M.N. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
580/2020	30-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.R.L. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
581/2020	30-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a V.M.G.P. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
582/2020	30-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a A.D.R.M. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
583/2020	30-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a F.P.V. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
584/2020	30-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.M.I.S. por importe de 600 euros anuais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
585/2020	30-04-2020	Concesión axuda vale alimentos a J.A.S. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
586/2020	30-04-2020	Execución da garantía definitiva depositada por "Expertus Multiservicios, S.A." no expediente de contratación do servizo de conserxería e limpeza das instalacións dos campos de fútbol municipais
587/2020	05-05-2020	2º recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación dos aboamentos das cotas do RETA, realizados polos beneficiarios de subvencións concedidas ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas - Programa Cambre Emprende 2017.
588/2020	06-05-2020	Licenza de segregación e agrupación de terreo de 2.870 m ² en Sigrás, a instancia de B.A.I.
589/2020	06-05-2020	Licenza para demolición de nave sita no Polígono do Espírito Santo, Cecebre, promovida por Discefa, S.L.
590/2020	06-05-2020	Licenza para obras de reforma e ampliación de edificación sita en Brexo, promovida por J.M.T.A.
591/2020	06-05-2020	Licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Brexo, promovida por Roncesvalles Hogar, S.L.
592/2020	06-05-2020	Licenza de parcelación de terreo sito en Bribes a instancia de A.G.M.
593/2020	07-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a D.M.J. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
594/2020	07-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a S.A.V. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
595/2020	07-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a E.R.L.L. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
596/2020	07-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a M.M.R. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
597/2020	07-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a P.G.S. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
598/2020	07-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a J.G.P. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
599/2020	07-05-2020	Concesión axuda vale alimentos a R.M.Q.R. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
600/2020	07-05-2020	Solicitud de acondicionamento de camiños e terreos por estado de parcela sita en Sigrás. Propiedade: L.A.L.
601/2020	07-05-2020	Reclamacións relativas a recibos de subministración de auga e rede de sumidoiros con importes elevados por presuntas avarías nas instalacións
602/2020	08-05-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 420,20 €
603/2020	08-05-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 46.578,25 euros
604/2020	08-05-2020	Aprobación da devolución dos ingresos improcedentes correspondentes ás cotas do IVE da subvención do POS 2018 para a obra "Renovación de abastecemento en Peirao, camiños 00210, 00259 e outros".
605/2020	08-05-2020	Expediente núm. 3/2020 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2019 ao 2020.



606/2020	08-05-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 19.895,63 euros
----------	------------	--

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta e oito minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria
María Luisa de la Red Ampudia